



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A INVESTIGACIÓN NOS PARQUES NATURAIS SOBRE CAPTACIÓN DE CO₂ E NO₂ POR DIFERENTES CULTIVOS PARA CONTRIBUÍR A MITIGAR O CAMBIO CLIMÁTICO

(1) Esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación ten atribuídas as competencias e funcións en materia de conservación da natureza e, máis concretamente en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, en virtude do disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos da consellería a investigación nos Parques Naturais sobre captación de CO₂ e NO₂ nos diferentes cultivos para contribuír a mitigar o cambio climático.

(2) Antecedentes

O cambio climático configúrase como o principal reto ambiental ao que debe enfrontarse a nosa sociedade. É o resultado da introdución e difusión dun modelo de produción e consumo. O efecto invernadoiro aumentou considerablemente nas últimas décadas fundamentalmente pola queima de combustibles fósiles e o cambio no uso do chan ao reducirse a superficie vexetal, xa que os cultivos actúan como captadores e sumidoiros de CO₂.

Na actualidade existen 6 parques naturais en Galicia: Fragas do Eume, Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, na provincia da Coruña; Invernadeiro, Serra dá Enciña dá Lastra e Baixa Limia-Serra do Xurés na provincia de Ourense; e Monte Aloia, en Pontevedra. Estes espazos protexidos ofrecen unha porta aberta a novas canles de produción e comercialización sustentables dalgúns produtos que poderían achegar un valor engadido pola súa mitigación ao cambio climático, diferenciados do resto non só polo natural, ou artesanal do seu proceso produtivo, se non pola súa contribución á pegada ecolóxica e de carbono.

Desta forma, o sector agrícola convértese en estratéxico, ao contribuír ao desenvolvemento sustentable no medio rural, achegar beneficios ambientais (emisores de osíxeno, reguladores de clima e hidroloxía, sumidoiro de CO₂) e contribuir á saúde das persoas (alimentación). Con todo, tamén posúe implicacións vitais pola súa pegada ecolóxica na preservación/degradación ambiental, motivo polo que se deben poñer en marcha medidas de información e redución de emisións de gases.

Non é menos certo que, en último termo, os consumidores son quen decide que e canto producen estes sectores. Pensemos que a alimentación é un elo sobre o que actuar e producir impactos significativos sobre a nosa pegada de CO₂ e que posúe unha incidencia máxima (segundo a OMS) na saúde humana.

Por outra banda, a elección do consumo de produtos locais ten tamén o seu impacto positivo ao reducirse as necesidades de enerxía e combustibles fósiles para o seu desprazamento, polo que nunha decisión tan persoal como a alimentación convértese, por tanto, nunha maneira directa de adoptar unha posición activa fronte ao cambio climático. Produtores e consumidores somos responsables coas nosas decisións de contribuír ao establecemento doutro modelo produtivo e evolucionar cara a unha sociedade e unha economía sen emisións de gases.





Para realizar estes cambios sustentables nas formas de produción e consumo e mitigar tanto CO₂ e NO₂ (dióxido de nitróxeno polos procesos de fertilización), hai que aproveitar a motivación vinculada ás vantaxes competitivas da responsabilidade ambiental, como é a realización dun selo de identificación como instrumento para comunicar a responsabilidade social das empresas ao consumidor que acredite a escasa pegada ecolóxica do produto, que non só reduza custos, senón que incida na saúde dos consumidores. A información sobre a incidencia dos produtos no cambio climático (CO₂, NO₂, auga, etc) logrará un escenario onde os consumidores, compren en función das emisións e modifiquen a súa conduta de compra.

Ademais de contar cos beneficios da absorción de CO₂ polos cultivos, tamén se pode evitar que os produtos percorran grandes distancias antes de chegar ao consumidor, empregando as posibles alternativas locais para reducir a emisión de gases e o consumo de enerxía.

A Universidade de Santiago de Compostela está desenvolvendo actualmente varias liñas de investigación orientadas ao estudo da pegada de carbono, gases efecto invernadeiro, valoración de ciclo de vida, Ecodiselo e Ecoeficiencia.

Estas liñas de investigación nas que actualmente están traballando os departamentos do Grupo de enxeñería ambiental e bioprocesos e de Edafolía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela conflúen en obxectivos comúns de traballo a desenvolver como a identificación das boas prácticas agrícolas nos Parques Naturais de Galicia asociadas a produtos e servizos característicos destes espazos que derivan en beneficios fronte ao cambio climático a través da captación de gas de efecto invernadeiro, a identificación de indicadores para medir os beneficios da agricultura dos Parques Naturais de Galicia fronte ao cambio climático, e a elaboración de protocolos que recoñezan as prácticas agrícolas asociadas á Ecoetiqueta e polo tanto á mitigación do cambio climático.

Por outra parte, estes departamentos xa teñen experiencia acumulada no estudo destes procesos, o que constitúe unha contribución relevante para a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio no establecemento á hora de desenvolver futuros proxectos cara a dinamizar os parques naturais. Esta actuación conxunta e coordinada supón un fornecemento de sinerxias entre a Consellería e a Universidade de Santiago de Compostela.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela pretenden asinar un convenio para demostrar e promover os beneficios ambientais dos sistemas agrícolas presentes nos Parques Naturais da Comunidade Autónoma de Galicia (PNG), en especial en referencia á mitigación do cambio climático, por medio da implantación do indicador de agricultura saudable. Este indicador proporcionaría unha vantaxe competitiva aos produtos agrícolas dos PNG que se reflectiría a través da creación dunha Ecoetiqueta.

O futuro selo pretende converterse nun esquema de certificación en produtos provenientes de parques naturais, co fin de proporcionar información útil para os consumidores que contribúa a mellorar a xestión dos parques naturais galegos e preserve as prácticas de cultivo tradicionais, contribuíndo tamén a reducir as emisións de GEI (CO₂, NO₂, CH₄, etc).

Os parques naturais aos que fai referencia o presente proxecto son os seguintes: Baixa Limia-Serra do Xurés, Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Fragas do Eume, Monte Aloia, Invernadeiro e Serra da Enciña da Lastra.

(3) Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 1 de decembro de 2017.





(4) O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización das actuacións contempladas no mesmo: “demostrar e promover os beneficios ambientais dos sistemas agrícolas presentes nos Parques Naturais de Galicia, en especial referencia á mitigación do cambio climático por medio da implantación do indicador de agricultura saudable”.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- Ausencia de ánimo lucro

A achega económica que a Consellería efectúa no ámbito deste convenio non se dirixe a retribuír á Universidade de Santiago de Compostela senón a posibilitar as accións que se convenian, non existindo, polo tanto, ánimo de lucro da Universidade.

Así, as actividades obxecto deste convenio desenvolveranse pola Universidades de Santiago de Compostela non a cambio dun prezo certo, senón coa presenza dunha compensación ou concurso financeiro público que se destina a compensar os gastos nos que incorre na realización das actividades.

O convenio de colaboración ten por obxectivo a regulamentación dunha serie de actuacións conxuntas entre as partes, nas que as achegas económicas só cubre o custo de realización das actividades, sen que se aprecie ánimo de lucro ou causa solventi entre as partes. É precisamente, esta característica unha das notas que definen o convenio de colaboración fronte ao contrato. Xa que logo, esta é unha das bases definitorias do convenio de colaboración que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten previsto asinar coa Universidade de Santiago de Compostela. Así o convenio establece na cláusula quinta que ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente, sen que a Universidade de Santiago de Compostela poida obter beneficio algún pola mesma, demostrando deste xeito a ausencia de lucro no presente convenio.

Neste contexto, os convenios de colaboración son os instrumentos xurídicos que permiten dar cobertura formal a unha gran variedade de actuacións que se realizan coa participación de ambas as súas partes que colaboran na co-organización destas dende unha posición de igualdade, nunha relación bilateral.

As notas principais do convenio como medio para instrumentar a colaboración de ambas as dúas partes son as seguintes:

- Ningunha das partes terá interese patrimonial.
- Os intereses perseguidos polas partes son públicos e comúns.
- O beneficiario dos resultados será a comunidade.

A fórmula do convenio de colaboración, contemplado no artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xustifícase polas competencias concorrentes dos asinantes, favorecendo unha integración harmónica das respectivas actuacións, ponderado e respectando a totalidade dos intereses implicados e quedando excluída a forma contractual, ao tratarse dunha colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.





- Natureza xurídica

A relación que se establece entre a Consellería e Universidade de Santiago de Compostela non se estrutura con base aos dereitos e obrigas que nacen dos contratos bilaterais e onerosos con obrigas conmutativas. Non estamos en presenza dun contrato de servizo e isto é pola existencia dun interese xeral común no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio entre ambas as dúas partes.

Neste sentido, cabe dicir que nos atoparíamos ante un contrato administrativo se a administración encargase unhas actuacións concretas á Universidade de Santiago de Compostela. Pola contra, neste convenio a universidade desempeña un papel de intermediaria e colaboradora na actuación conxunta na que ambas partes teñen interese.

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1.c) do texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven deste convenio de colaboración e que non puidesen ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada ao efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

As actuacións contempladas no presente convenio precisan de financiamento específico, tal e como consta na memoria económica. A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural co fin de facilitar a execución conxunta das accións aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de 50.000,00 €, (cincuenta mil euros), como achega pola realización das accións en que incorra a aboar á Universidade de Santiago de Compostela con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.541B.640.1.

Esta cantidade farase efectiva previa presentación por parte da Universidade de Santiago de Compostela da factura correspondente.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A directora xeral de Patrimonio Natural

Ana M^a Díaz López

